

«quenda D»; e deberá actuar ante o tribunal nº 1 de Educación Primaria de Ourense.

-Na páxina 11.113, onde di: «Reixa Fernández, Xosé Antón, DNI: 33334243K, informe «S»; debe dicir: informe «N».

-Debe incluírse, a Pato Freire, Paula, DNI: 32676337F, na especialidade de educación infantil, que deberá actuar, ante o tribunal nº 4 desta especialidade e que actuará na Coruña.

-Debe incluírse a Moldes Fajardo, Javier, DNI: 36119240V, na especialidade de música, quenda E, que deberá actuar ante o tribunal nº 1 desta especialidade.

Resolución do 30 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se anuncia a publicación das puntuacións provisionais da fase de concurso do procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres.

A base novena da Orde do 8 de maio de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* do 11 de maio), pola que se convoca procedemento selectivo de ingreso no corpo de mestres na Comunidade Autónoma de Galicia e para adquirir a habilitación en novas especialidades, establece que a valoración dos méritos presentados polos aspirantes será efectuada por unha comisión integrada por funcionarios ou persoal laboral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Realizada esta baremación nalgunha especialidade, procede publicar a puntuación provisional da fase de concurso.

En consecuencia, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais e no enderezo da internet <http://www.edu.xunta.es>, o día 6 de xullo de 2009, as puntuacións provisionais do baremo establecido na Orde do 8 de maio de 2009 das seguintes especialidades:

- Audición e linguaxe.
- Educación infantil.
- Educación primaria.

Segundo.-Contra estas puntuacións poderanse presentar reclamacións no prazo de cinco días hábiles contados desde o seguinte ao da súa publicación, dirixidas á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Terceiro.-As reclamacións presentaranse a través do correo electrónico no enderezo da internet [\[soal.primaria@edu.xunta.es\]\(mailto:soal.primaria@edu.xunta.es\), ou ao fax 881 99 92 41, empregando o modelo que aparece no portal educativo.](http://www.per-</p>
</div>
<div data-bbox=)

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Anuncio do 10 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Lugo, polo que se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia (Pérez Pena, Armando e vinte e nove máis).

De conformidade co disposto no artigo 112 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e ao non ser posible practicar a notificación dos procedementos que se relacionan no anexo, por causas non imputables á Administración, despois dos intentos de notificación exixidos polo artigo anterior, mediante este anuncio emprázanse os interesados sinalados no anexo para seren notificados por comparecencia dos actos administrativos derivados dos procedementos que se indican.

Os interesados, ou os seus representantes, deberán comparecer no prazo de quince días naturais contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, na Secretaría da Delegación da Consellería de Economía e Facenda de Lugo, rolda da Muralla 70-1ª, das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres; ou ben, se for o caso, na oficina liquidadora correspondente.

Transcorrido o devandito prazo sen se efectuar a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Lugo, 10 de xuño de 2009.

Gonzalo Vázquez Rivas
Xefe territorial de Lugo

ANEXO

Interesado	Órgano tramitador	Procedemento
Pérez Pena, Armando (33339292K).	Servizo de Xestión Tributaria	Imposto sobre sucesións e doazóns; expediente nº 1554/01; requirimento de datos.
López Boado, Orosia (34228287D).	Servizo de Xestión Tributaria	Imposto sobre sucesións e doazóns; expediente nº 892/06; requirimento de datos.
Sánchez Mendoza, José Manuel (33856976X).	Servizo de Xestión Tributaria	Imposto sobre sucesións e doazóns; expediente nº 1035/06; requirimento de datos.